

---

**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO  
GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN  
CATÁSTROFES E EMERXENCIAS DO COLEXIO  
OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**



## CAPÍTULO I

### O GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

#### ARTIGO 1. OBXECTO

A presente normativa regula a estrutura e a organización do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (GIPCE-COPG).

#### ARTIGO 2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación é a comunidade autónoma de Galicia. De xeito excepcional poderase intervir fóra da nosa comunidade.

## CAPÍTULO II

### MEMBROS DO GIPCE-COPG

#### ARTIGO 3. MEMBROS DO GIPCE-COPG

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia estará composto por todas as psicólogas e psicólogos colexiados que soliciten pertencer a este grupo e cumpran cos requisitos necesarios establecidos no presente regulamento.

Dentro do GIPCE-COPG haberá un grupo específico de intervención, Grupo de Intervención 112, que estará composto polos membros que cumpren os requisitos recollidos no artigo seguinte.

#### ARTIGO 4. INCORPORACIÓN

##### 4.1 Criterios de entrada no GIPCE-COPG

Toda persoa colexiada que desexe formar parte do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá presentar a solicitude (Anexo I) cubrindo a documentación anexada no presente regulamento. Os requisitos son os seguintes:

- Estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- Aceptación da normativa interna e regulamento do GIPCE (Anexo II).
- Presentación do currículo e da documentación pertinente para acreditar a formación e a experiencia en intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias. Deberá especificarse explicitamente a pertenza ou non a outros grupos, organismos ou entidades do mesmo ámbito de actuación, de ser o caso.

A documentación anterior será presentada no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. As solicitudes serán analizadas polo Comité de Valoración que emitirá un informe para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.

É de carácter obrigatorio para os novos membros a asistencia á sesión informativa.

#### 4.2 Criterios de entrada no Grupo de Intervención 112

Poderán pertencer ao Grupo de Intervención 112, GI-112, todos os membros do GIPCE-COPG que así o soliciten (Anexo III) e que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Os establecidos no apartado anterior con carácter permanente.
- b) Acreditación de formación específica:
  - **100 horas** de formación en emerxencias: Primeiros Auxilios Psicolóxicos (PAP), autoprotección e intervención con intervinientes, comunicación de malas novas, intervención con poboacións especiais, comunicación...
  - **40 horas** de formación en dó e en trauma, ademais de noutras temáticas que así se avalíen como necesarias.
- c) Ter unha experiencia mínima demostrable de **3 anos como psicólogo ou psicóloga**.
- d) Ter dispoñibilidade necesaria e compromiso para intervir sobre o terreo.

A documentación acreditativa será presentada no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia xunto coa solicitude correspondente (Anexo III). Esta será valorada polo Comité de Valoración que procederá a realizar un informe sobre a incorporación ou non da persoa colexiada ao Grupo de Intervención 112 e será aprobada pola Xunta de Goberno do COPG.

É de carácter obrigatorio para o Grupo de Intervención 112 a asistencia ás sesións informativas.

## **ARTIGO 5. PERMANENCIA E BAIXA DO GIPCE-COPG E NO GRUPO DE INTERVENCIÓN 112.**

### **5.1 Permanencia**

Criterios para os membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias e do Grupo de Intervención 112:

- Cumprir co establecido no presente regulamento, respectar as normas de actuación e boas prácticas (Capítulo IV) e cumprir co Código Deontolóxico, así como con cantas obrigas veñan establecidas pola normativa vixente.
- Asistir a un mínimo do 80% horas das actividades anuais sinaladas no plan formativo anual deseñado pola Comisión Coordinadora do GIPCE e doutras actividades consideradas como obrigatorias organizadas polo grupo. O Comité de Valoración terá en conta o número total de horas anuais de formación organizadas desde o Grupo para o bo cumprimento deste requisito.

Os membros do Grupo de Intervención 112 deberán ademais:

- Ter dispoñibilidade e compromiso para intervir en todo o territorio da comunidade autónoma de Galicia no caso de que sexa necesario. Sempre que a situación de emerxencia o permita, teranse en conta tanto a proximidade xeográfica como o número de intervencións acumuladas dos GIPCEs activados, tanto do ano en curso como do anterior.
- Responder as peticións de dispoñibilidade para intervención.

Cada ano o Comité de Valoración revisará as situacións dos membros que non interveñan para avaliar as causas correspondentes. Os membros que durante 2 anos seguidos non interveñan poderán ou ben ser dados de baixa no GI-112, se non cumpren cos criterios esixidos sen haber causa sobrevenida e/ou suficientemente xustificada, ou concederlles unha prórroga aos devanditos requisitos.

Causas que se considerarán como suficientemente xustificadas serán as causas físicas ou de saúde sobrevenidas, falecemento ou enfermidade grave dun familiar directo, embarazo e nacemento dun/dunha fillo/a, mostrar dispoñibilidade para intervir sempre que así se solicite e previa á actuación de GIPCEs nunha emerxencia,

causas que se consideren de forza maior ou calquera outra que acorde o Comité de Valoración.

O/A GIPCE afectado/a terá que comunicar esta circunstancia ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia cando se de, así como as limitacións que prevé ter a nivel de intervención sobre o terreo e o tempo que considera que poden durar.

A existencia de calquera destas causas non exime do cumprimento do resto de criterios de permanencia.

Naqueles casos nos que se xustifique a súa non intervención, poderase, previa valoración polo Comité de Valoración, conceder unha prórroga temporal aos devanditos requisitos.

## 5.2 BAIXA

A baixa no GIPCE-COPG e do GI-112 poderá ser temporal ou definitiva, que á vez poderá ser voluntaria ou por incumprimento do establecido neste regulamento.

### 5.2.1 Baixa temporal

É baixa temporal aquela que non exceda dos 12 meses nun período de 5 anos. Poderá ser voluntaria ou por incumprimento do establecido neste regulamento.

#### 1. Baixa temporal voluntaria:

- A persoa interesada comunicará a baixa temporal voluntaria no GIPCE-COPG e/ou no GI-112 e será indispensable presentar escrito no COPG. Establecerase o período de baixa, que non poderá superar os 12 meses de duración. Se o prazo solicitado é inferior a este poderán comunicarse prórrogas ata os 12 meses.
- Durante esta baixa poderase solicitar a reincorporación en calquera momento.

#### 2. Baixa temporal por incumprimento do establecido no regulamento:

O Comité de Valoración tras escoitar, previa solicitude, a persoa interesada e valorar os feitos proporá á Xunta de Goberno a baixa temporal e os períodos da mesma. O Comité de Valoración mandará anualmente comunicación aos é ás GIPCEs que estean nesta situación de incumprimento para que a emenden. A persistencia no incumprimento será motivo suficiente de baixa temporal no GIPCE-COPG e/ou do Grupo de Intervención 112 de ser o caso.

No caso dos membros do Grupo de Intervención 112, a baixa implicará a non pertenza a este grupo, pero seguirá sendo membro do GIPCE-COPG.

No momento de cursar a baixa é obrigatorio a entrega dos elementos identificativos. A duración da baixa abrangue desde a súa comunicación ata o cumprimento da mesma.

### 5.2.2. Baixa definitiva

A baixa definitiva do GIPCE-COPG e/ou do GI-112 producirase nos seguintes casos:

1. Por vontade do membro do GIPCE interesado. Será comunicada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Anexo IV).
2. Causar baixa como colexiado ou colexiada no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
3. Por exceder a baixa temporal de 12 meses.
4. Por incumprimento grave e/ou reiterado das normas e compromisos recollidos neste regulamento. Neste caso non se poderá solicitar a súa reincorporación.

Nos casos de baixas definitivas por incumprimento e/ou sanción da Comisión de Ética e Deontoloxía, o Comité de Valoración tras escoitar, previa solicitude, a persoa interesada, levará a proposta á Xunta de Goberno para a súa resolución.

## ARTIGO 6. COMITÉ DE VALORACIÓN

Estará formado pola persoa que coordine o GIPCE-COPG, dous membros da Comisión Coordinadora e a secretaria ou secretario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os membros da Comisión Coordinadora serán nomeados dentro desta e permanecerán un período máximo de 4 anos.

Entre as súas funcións están:

- Comprobar a documentación achegada na solicitude de incorporación.
- Estudar e propoñer as baixas temporais ou definitivas.
- Velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos neste regulamento.
- Comunicar ás persoas interesadas as situacións de incumprimento e baixas temporais e definitivas en estudo.

## CAPÍTULO III

### ORGANIZACIÓN INTERNA DO GIPCE-COPG

#### ARTIGO 7. ORGANIZACIÓN DO GIPCE-COPG

**GIPCE-COPG:** Está formado por membros que non son activables nin interveñen nas emerxencias, ben porque aínda non cumpren os requisitos para entrar no GI-112 ou porque son baixa temporal deste. Os seus membros só serán activados no caso de grandes emerxencias.

**Grupo de Intervención 112 (GI-112):** Está formado polos membros que cumpren os requisitos recollidos no artigo 4.2 e prestan asistencia atención psicolóxica a persoas en situacións de emerxencias para as que demande o 112. No momento da súa incorporación serán provistos das acreditacións e material necesario para intervir: chaleco, carné, mochila e protocolos de actuación.

#### ARTIGO 8. ESTRUTURA DO GIPCE-COPG

A dirección do GIPCE-COPG corresponde á decana ou decano do COPG. Para o funcionamento do GIPCE-COPG conta cunha persoa coordinadora que será nomeada pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e membro do GI-112.

#### ARTIGO 9. FUNCÍONS DO COORDINADOR OU COORDINADORA DO GIPCE-COPG

- a) Convocar e presidir as xuntanzas da Comisión Coordinadora.
- b) Representar o GIPCE-COPG, xunto co Decanato, ante organismos, entidades, institucións, outros e outras profesionais e medios de comunicación.
- c) Representar o GIPCE na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- d) Decidir e resolver os asuntos referentes á xestión, á organización e ao funcionamento do Grupo que deberán ser ratificadas pola Comisión Coordinadora.
- e) Asumir a coordinación da atención psicolóxica nas emerxencias e nos plans de emerxencias (PLATERGA, Plans de Emerxencia Exterior e Plan de Emerxencias Interno) nos que interveñe e esta contemplada a intervención do GIPCE.
- f) Delegar nos xefes e xefas de garda os aspectos da coordinación da demanda ou da intervención que considere en función da situación de emerxencia.

g) Calquera outra que considere necesaria ou se lle encomende desde a Xunta de Goberno do COPG.

O coordinador ou coordinadora poderá delegar provisionalmente estas funcións, en parte ou na súa totalidade, nun ou varios dos membros da Comisión Coordinadora.

#### **ARTIGO 10. A COMISIÓN COORDINADORA**

A Comisión Coordinadora (CC) é un órgano de apoio ao labor do coordinador ou coordinadora e de decisión nas tarefas de organización e funcionamento do GIPCE dentro das diferentes áreas de traballo que se acorden dentro desta.

A Comisión Coordinadora reunirse cando menos unha vez ao mes.

#### **ARTIGO 11. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA**

A Comisión Coordinadora está formada por membros do GI-112 que actuarán como vogais. O seu número variará en función do número de áreas e do labor a realizar en cada unha delas. Cada un dos membros estará adscrito a unha área de traballo coas tarefas e funcións correspondentes a desempeñar en cada unha delas. A decisión dos membros a incluír será por acordo da Comisión Coordinadora.

#### **ARTIGO 12. FUNCIÓNS DOS MEMBROS DA COMISIÓN COORDINADORA**

De entre todos os membros da Comisión Coordinadora elixirase quen exerza de secretaria ou secretario na Comisión Coordinadora.

Funcións do secretario ou secretaria:

- a) Levar acta das xuntanza da Comisión Coordinadora e doutras reunións que se teñan no grupo.
- b) Levar rexistro das novas solicitudes de incorporación ao grupo e de baixas no GIPCE-COPG e no GI-112.
- c) Elaborar a memoria anual do GIPCE-COPG.
- d) Realizar a memoria de actividades e intervencións anual.
- e) Rexistrar a documentación, bibliografía e recursos que pertencen e están á disposición dos membros do GIPCE-COPG.
- f) Calquera outra función inherente a súa condición de secretario ou secretaria.



Funcións dos e das vogais da Comisión Coordinadora:

- a) Asistir ás reunións da Comisión Coordinadora.
- b) Desenvolver as áreas de traballo ás que se lles adscriba.
- c) Acordar asuntos da xestión, organización e funcionamento do Grupo.
- d) Calquera outra función que se vexa necesaria.
- e) Desempeñar funcións que sexan delegadas polo coordinador ou coordinadora nalgúns dos seus membros.

### **ARTIGO 13. MEMBROS DO GIPCE-COPG**

Funcións:

- Participar nas tarefas de previsión, prevención e planificación.
- Participar en investigacións, elaborar programas de prevención, fomentar a cultura preventiva, traballar na inclusión dos e das profesionais da psicoloxía nos plans de emerxencia e difundir o seu labor nas situacións de emerxencia.

### **ARTIGO 14. ESTRUCTURA DO GRUPO DE INTERVENCIÓN 112**

#### **Membros do GI-112**

Formado polos membros que cumpren os requisitos do artigo 4.2 e prestan atención psicolóxica ás persoas en situacións de emerxencias.

Funcións:

- Participar nas tarefas de previsión, prevención e planificación.
- Participar en investigacións, elaborar programas de prevención, fomentar a cultura preventiva, traballar na inclusión dos e das profesionais da psicoloxía nos plans de emerxencia e difundir o seu labor nas situacións de emerxencia.
- Intervir sobre efectos e consecuencias producidas a nivel psicolóxico nas persoas afectadas durante a emerxencia, así como nos e nas profesionais e voluntariado que interveñen na mesma.
- Asesorar a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico e social producido.

#### **Grupo de Gardas (GG)**

Está formado por un número variable de membros do GI-112. Os membros, xefas e xefes de garda, en gardas semanais cobren a atención psicolóxica á demanda do 112 as 24 horas dos 365 días do ano. A inclusión de novos membros será por convocatoria segundo os criterios establecidos previamente.

O xefe ou xefa de garda ten que estar localizable as 24 horas do día durante a súa quenda, sendo as súas funcións:

- Asumir os aspectos da coordinación da demanda ou da intervención delegados pola persoa coordinadora segundo a situación de emerxencia. Sempre en comunicación e coordinación con esta e seguindo os protocolos establecidos.
- Coordinarse cos e coas profesionais que sexa necesario para a resolución da demanda do 112.
- Activar e desactivar os e as GIPCEs 112 que van intervir e atender as súas necesidades durante todo o tempo que dure a intervención.
- Avaliar ao remate da intervención xunto co coordinador ou coordinadora do GIPCE a conveniencia ou non de activar o GAI.
- Elaborar o informe e a táboa de gastos, integrando os informes de todos e todas as GIPCEs intervinientes e enviálo nos 15 días seguintes do peche da intervención ao membro encargado da súa revisión.

### **Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI)**

Está formado por un número variable de membros do GI-112. A inclusión de novos membros será por convocatoria segundo os criterios establecidos previamente.

O xefe ou xefa de garda será quen active ao GAI seguindo o protocolo establecido cando se considere necesaria a súa intervención.

A súa actuación guiarase por salvagardar a confidencialidade necesaria, tal e como recolle o Código Deontolóxico.

### Funcións:

- Atender e coidar o estado xeral dos compañeiros e compañeiras que interveñen e coordinan a emerxencia para a que se activan.
- Avaliar o estado anímico sobre a intervención realizada.
- Comunicar ao coordinador ou coordinadora do GIPCE-COPG, previa autorización da persoa implicada, a necesidade doutro tipo de actuacións.
- Coidar da cohesión grupal, proponendo, deseñando e levando a cabo as actuacións que así se acorden neste sentido.
- Redactar un informe escrito para o xefe ou xefa de garda, responsable da coordinación da intervención nos 7 días posteriores á finalización da súa intervención.

## **CAPÍTULO IV**

### **NORMAS DE ACTUACIÓN E BOAS PRÁCTICAS DOS E DAS GIPCEs-COPG**

## **ARTIGO 15. NORMAS DE ACTUACIÓN**

Ser membro do GIPCE-COPG e do GI-112 implica o cumprimento das normas de actuación recollidas nos seguintes artigos así como o cumprimento do Código Deontolóxico e demais normativa vinculante en todas as intervencións. O seu incumprimento nas intervencións pode ser sancionado coa baixa temporal ou definitiva nos termos descritos no capítulo II.

## **ARTIGO 16. ACTUACIÓN COMO GIPCEs-COPG/GIPCEs-112**

1. Os membros do GI-112 cumprirán o Código Deontolóxico nas súas intervencións.
2. Os membros do GIPCE-COPG e do GI-112 terán que cumprir cos requisitos necesarios para permanecer neles segundo vén recollido no artigo 5.1.
3. Só se poderá intervir como GIPCE-112 no caso de ser activado desde o grupo.
4. Os membros activados do GI-112 traballarán en equipo, acordando as actuacións a desenvolver no escenario de intervención.
5. A comunicación telefónica entre GIPCE-112 e persoas afectadas será sempre a través do 112.
6. Durante a intervención os membros do GI-112 seguirán as directrices marcadas seguindo a cadea de mando.
7. Todos os membros do GIPCE-COPG e do GI-112 respectarán a cadea de mando, tanto nas intervencións como no funcionamento do grupo.
8. Os membros do GI-112 levarán en todo momento as identificacións correspondentes, debendo facer un bo uso das mesmas.

## **ARTÍCULO 17. BOAS PRÁCTICAS**

Todos os membros do GIPCE-COPG e do GI-112 respectarán as pautas de actuación recollidas neste regulamento a nivel de boas prácticas así como as que se estipulen por parte do Consejo General de la Psicología.

**DIPSOSICIÓN TRANSITORIA:** A entrada en vigor deste regulamento os membros integrantes do GIPCE pasarán a formar parte do GI-112, sendo obrigatorio a sinatura do compromiso de aceptación da normativa do GIPCE-COPG (Anexo II).

**DISPOSICIÓN FINAL:** O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## ANEXO I. SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO GIPCE-COPG

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº colexiación: \_\_\_\_\_ Tfños.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

### SOLICITA

Ser membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Para tal fin, reúne os requisitos necesarios e axunta a documentación que así o acredita, de acordo co Regulamento de Réxime Interno do GIPCE.

- Estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
- Presentación do currículo.
- Presentación de documentación acreditativa de formación en emerxencias.
- Presentación de documentación acreditativa de formación relacionada: trauma, dó...
- Documento de aceptación do Regulamento de Réxime Interno do GIPCE-COPG.
- Pertenza a outros grupos, organismos ou entidades do mesmo ámbito de actuación (marcar cun x) SI \_\_\_\_ NON \_\_\_\_
- Compromiso de asistencia a un mínimo do 80% das actividades específicas anuais organizadas polo Grupo.

\*Axuntar orixinal ou copia cotexada. Pódese presentar no COPG orixinal e copia para o seu cotexo.

Sinatura

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámostle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservámoste para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoste que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)

Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dejará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirigido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) o dirigiéndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruidos conforme a la normativa vigente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).

Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablón de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

## ANEXO II. COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DA NORMATIVA DO GIPCE-COPG

Don/Dona \_\_\_\_\_

Colexiado/a número \_\_\_\_\_ como membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a cumprir e acatar o Regulamento de Réxime Interno do GIPCE, sendo informado/a do contido do mesmo e recibindo unha copia da citada normativa.

Sinatura

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámostle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservámostos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámostle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).

Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, o el exercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) o dirixíndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruídos conforme a la normativa vixente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).

Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablón de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

### ANEXO III. SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO GRUPO DE INTERVENCIÓN 112 DO GIPCE-COPG

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº colexiación: \_\_\_\_\_ Tfños.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

#### SOLICITA

Ser membro do Grupo de Intervención 112 do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Para tal fin, reúne os requisitos necesarios e axunta a documentación que así o acredita, de acordo co Regulamento de Réxime Interno do GIPCE.

- Presentación da documentación acreditativa de 3 anos de experiencia como psicólogo ou psicóloga nas áreas de social, educativa e/ou da saúde.
- Presentación de documentación acreditativa de 100 horas de formación en emerxencias.
- Presentación de documentación acreditativa de 40 horas de formación relacionada: trauma, dó...
- Compromiso de dispoñibilidade e de intervención en toda a comunidade de Galicia.
- Pertenza a outros grupos, organismos ou entidades do mesmo ámbito de actuación (marcar cun x) SI \_\_\_\_ NON \_\_\_\_
- Compromiso de asistencia a un mínimo do 80% das actividades específicas anuais organizadas polo Grupo.
- Autorizo a que o meu nome e apelidos, correo electrónico e teléfono/s particulares/s e do centro de traballo sexan cedidos aos membros do GI-112.

\*Axuntar orixinal ou copia cotexada. Pódese presentar no COPG orixinal e copia para o seu cotexo.

Sinatura

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámostle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservámostos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámostle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).  
Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dejará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirigido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) o dirigiéndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruidos conforme a la normativa vigente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).  
Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablón de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

## ANEXO IV. COMUNICACIÓN DE BAIXA COMO MEMBRO DO GIPCE-COPG E/OU DO GRUPO DE INTERVENCIÓN 112

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Nº colexiación: \_\_\_\_\_ Tfnos.: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Cidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_ Centro de traballo: \_\_\_\_\_

### SOLICITA

A baixa definitiva como membro do:

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG

Grupo de Intervención 112

con data \_\_\_\_\_ por motivos \_\_\_\_\_

Tal e como especifica o Regulamento Interno do Grupo de Intervención en Psicoloxía de Catástrofes e Emerxencias fago entrega dos elementos identificativos correspondentes (chaleco, mochila, protocolos, etc.)

### Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, e teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no teléfono 981894601 e en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)

Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal).

En cumplimiento del Reglamento Europeo de Protección de Datos le informamos que tratamos la información que usted nos facilita y cumplimos con la normativa vigente en materia de protección de datos. El responsable del tratamiento es Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, CIF Q1500265B, con domicilio en R/ Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, y teléfono 981.534.049. La finalidad principal es mantener las relaciones que nos vinculan, en especial cumplimiento de las obligaciones a las que viene sometida la organización debido a la Ley de Colegios Profesionales y demás normativa vinculante, es decir, ejercicio competencias públicas, así como el consentimiento, y el interés legítimo tanto propio como de la entidad.

Usted tiene derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando sus datos personales, por tanto tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar su supresión cuando los datos ya no sean necesarios en cualquier momento. En determinadas circunstancias, podrá solicitar la limitación del tratamiento de sus datos, en cuyo caso únicamente los conservaremos para el ejercicio o la defensa de reclamaciones, también podrá, por motivos relacionados con su situación particular oponerse al tratamiento de sus datos. El Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar los datos, salvo por motivos legítimos imperiosos, o el ejercicio o la defensa de posibles reclamaciones, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que le identifique dirigido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) o dirixíndose a nuestras dependencias. Una vez cumplimentados los fines para los cuales fueron obtenidos los datos, los mismos serán destruídos conforme a la normativa vixente. Le informamos que nuestro Delegado de Protección de Datos es Doña Cecilia Barros Díaz, con contacto en el teléfono 981894601 y en [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).

Puede consultar la información adicional y detallada sobre nuestra política de privacidad en el tablón de la entidad o en la página web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

## **BOAS PRÁCTICAS DE ACTUACIÓN COMO GIPCEs-COPG/GIPCEs-112**

1. Os membros do GI-112 so proporcionarán ás persoas afectadas coas que se interveña o teléfono do 112 e a tarxeta identificativa do GIPCE-COPG. Non se proporcionarán teléfonos privados nin tarxetas persoais.
2. Os membros do GIPCE-COPG/GI-112 só poderán utilizar as intervencións realizadas co grupo para aparecer en medios de comunicación, en foros formativos ou sociais, para escribir artigos, etc. se son designados para estes cometidos.
3. Todos os membros do GIPCE-COPG/GI-112 serán respectuosos tanto co resto de compañeiros e compañeiras de grupo como co resto de profesionais.
4. Todos os membros do GIPCE-COPG/GI-112 fomentarán as boas relacións con outros organismos e institucións relacionados, tanto nas intervencións como nos foros nos que participen en representación do grupo.
5. Todos os membros do GIPCE-COPG/GI-112, no caso de detectar nalgún medio de comunicación ou en redes sociais referencia ao GIPCE-COPG en termos inadecuados ou con información que se considere errada, deberá informar ao/á coordinador/a que será o/a responsable, xunto co Decanato, de determinar as accións a emprender. Nunca se contestará nin a nivel individual nin en nome do grupo.
6. Os membros do GIPCE-COPG/GI-112 poderán difundir información interna do grupo nas redes sociais cando se manifeste de xeito explícito nos correos informativos que se envíen pola persoa que coordina ou persoa en que delegue.